Programa de Doutoramento Interuniversitario en Análise Económica e Estratexia Empresarial

ACTA DA SESIÓN do día 7 de maio de 2025

ASISTENTES: Miguel González Loureiro (Presidente), Marcos Álvarez Díaz (secretario), Nuria Rodríguez López, María Silvia Ruiz Blanco, Emma Iglesias Vázquez, José Manuel Sánchez Santos, José López Rodríguez, Fernando del Río Iglesias, Xose Antón Rodríguez González, Francisco Xavier Lores Insua, Nahuel Depino Besada (representante de estudantes).

O 7 de maio de 2025, ás 9.00 horas, ten lugar unha reunión extraordinaria da Comisión Académica do Programa de Doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial, coa seguinte

Orde do día:

1) **Aprobación dos cambios introducidos na memoria do programa á vista das suxestións achegadas pola U. de Vigo, a U. de Santiago e a U. de A Coruña**

ACORDOS:

Punto 1.- Con data 26/2 a CAPD aproba o primeiro borrador de memoria modificada do programa, á vista dos cambios normativos introducidos, e o envía á EIDO. Posteriormente, recibe a solicitude para enviar o mesmo borrador á EDIUS e á EDIUDC mediante comunicación das respectivas Escolas ao correo dos coordinadores locais , e así o fai. A CAPD desexa facer constar que a USC non enviou un modelo de memoria cos datos institucionais habituais con enlaces a webs da institución. A UDC a enviou pero foi posteriormente á recepción das suxestións, polo que só se puideron completar algúns dos apartados a partir de esa achega. Este documento axudou a atender a maioría das suxestións achegadas pola UDC.

Con data 27 de marzo, a CAPD recibe as suxestións de mellora ao borrador de memoria realizados pola USC. A USC envía tamén unha memoria doutro programa para que poidamos tomar de aí os links ás webs coa información da Aparte dalgunha imprecisión na avaliación dos cambios, as suxestións son cuestións administrativas ou puntualizacións de aspectos relevantes nos que fixarse e a efectos de comprobar que efectivamente se entenderon ben os apartados da memoria, como por exemplo, a necesidade de distinguir as colaboracións con e sen convenio. Estes aspectos xa estaban correctamente contemplados na memoria, polo que as suxestións administrativas son incorporadas na medida en que non estaba suficientemente incluídas na anterior versión. Estas suxestións foron incorporadas na medida do posible.

Con data 9 de abril, a CAPD recibe as suxestións de mellora ao borrador de memoria realizados pola UVIGO. Trátase de cuestións menores e precisións sobre aspectos administrativos ou enlaces a webs actualizados. Todos eles foron atendidos.

Con data 16 de abril, a CAPD recibe as suxestións de mellora ao borrador de memoria da realizados pola UDC. Esencialmente, tratábase de cambios relativos ás webs e normativa actualizada da institución, que segundo din, estaba nunha memoria modelo que non nos

fixeron chegar ata o de agora. Ademais, usando o criterio restritivo da propia institución, indican que debe haber unha media de estudantes por liña de investigación de un mínimo de 5. Isto pode non ser de todo correcto porque nun programa Interuniversitario pode darse a circunstancia de que unha das universidades estea especializada nunha soa liña e só teña estudantes desa liña. Aínda así, a CAPD avalía este comentario como un aspecto potencialmente problemático nas posteriores verificacións, e decide fusionar as 13 liñas do Programa en só tres: economía, empresa, economía e empresa. Na memoria revisada inclúese unha táboa coa conversión.

Todas estas suxestións, fixo que a CAPD reflexionase tamén sobre a conveniencia de facer unha pequena modificación nas actividades formativas e a inclusión de criterios de calidade para clarificar o esixible para o rexistro da tese. Na versión anterior, podería existir a posibilidade de que se negase o rexistro de tese a un estudante que non cumprise coa obrigatoriedade das actividades formativas nas condicións establecidas. Por exemplo, bastaría con que un estudante non asistise ao 100% de seminarios de doutoramento para que lle fose denegada a posibilidade de rexistro. Advertida esta circunstancia, a CAPD considerou necesario facer as seguintes modificacións:

a) esixir unha asistencia polo menos ao 80% dos seminarios programados na AF1 (en lugar do 100%), coa excepción de "salvo causa xustificada".

b) manter o 80% de asistencia mínima aos seminarios da activade AF4.

c) engadir a posibilidade de que un estudante poida substituír o establecido como obrigatorio con outras achegas, de forma que se permita recuperar o cumprimento dos mínimos esixidos nunha data avanzada, xa que non existe a posibilidade de cambiar o pasado. Esto sería considerado como unha proba de recuperación. Así, optouse pola seguinte redacción na apartado 5.3:

Requisitos del programa para la presentación y lectura de tesis doctorales:

Como criterios de calidad, se establece la realización de las actividades formativas obligatorias en los siguientes términos. La CAPD emitirá un informe evaluando el grado de cumplimiento de cada una de ellas. En concreto:

- AF1: el estudiante acudió al menos al 80% de los seminarios programados salvo causa debidamente justificada. **En su defecto, el estudiante deberá realizar una crítica constructiva** por escrito al material entregado **durante uno de estos seminarios**, según se lo asigne la CAPD.
- AF2: el estudiante fue declarado apto en los cursos obligatorios que se le asignaron en la admisión. En su caso, la CAPD acreditará la no obligatoriedad de esta formación.
- AF3: no es obligatoria.
- AF4: el estudiante realizó al menos la presentación de su plan de investigación y del conjunto de la tesis similar a como lo hará en la defensa pública. Además, participó como parte del auditorio al menos en el 80% de los seminarios de doctorado programados salvo causa debidamente justificada. **En su defecto, deberá realizar una crítica constructiva de al menos uno de estos seminarios según la documentación entregada.**
- AF5: el estudiante presentó un trabajo derivado de la tesis en al menos 2 congresos durante la etapa predoctoral. **En su defecto, el estudiante habrá presentado al menos 2 trabajos**

en curso en un seminario de doctorado, a mayores de lo estipulado como obligatorio en la AF4.

- AF6: el estudiante debe ser co-autor de al menos un trabajo derivado de su tesis que haya sido aceptado para ser publicado en revistas científicas de reconocido prestigio internacional. En su defecto, se podrá aplicar la excepción señalada en cuanto al envío a revistas científicas de máximo prestigio, para lo cual la CAPD evaluará el conjunto de actividades subidas a la secretaría del estudiante durante su etapa predoctoral. En los otros casos, el estudiante deberá de enviar la bibliometría discursiva de los trabajos publicados que se incluyan en esta actividad. En particular, deberá hacerlo para los tres trabajos en los que estará al menos basada la defensa de tesis por integración de artículos, para el trabajo que se exige si sigue la vía de tesis sin integración de artículos, así como para los casos en los que haya más de una publicación derivada. Para la bibliometría discursiva de cada artículo se apoyará en las indicaciones de la CNEAI para el campo Economía y Empresa. La CAPD emitirá una acreditación de conformidad. Será requisito imprescindible que la filiación principal del doctorando en los artículos sea la de la respectiva Universidad (UVIGO, USC o UDC).

O caso da AF6, xa estaba contemplado na redacción inicial, pero desta forma se aglutinan todos os requisitos nun só apartado e axuda á clarificación deste aspecto para todos os interesados, persoal administrativo, estudantes, directores de tese e titores, e membros da CAPD. Para todos os casos anteriores, é potestade da CAPD a emisión dun informe favorable do conxunto de requisitos, atendendo no seu caso ás situacións de excepcionalidade.

A CAPD recibiu a nova memoria revisada e o documento de resumo de modificacións e a resposta de cambios ás suxestións das tres Universidades, sendo aprobado por unanimidade.

A reunión realizouse “on line”.

En Vigo, a 7 de maio de 2025

ALVAREZ DIAZ MARCOS - 36146541V

Firmado digitalmente por ALVAREZ DIAZ MARCOS - 36146541V
Fecha: 2025.05.08 07:55:56 +02'00'

Firmado digitalmente por GONZALEZ LOUREIRO MIGUEL - 35464250K
Fecha: 2025.05.08 09:18:08 +02'00'

Marcos Álvarez Díaz.
Secretario da Comisión Académica

Vº e Pr. Miguel González Loureiro.
Presidente da Comisión Académica